



Ola, son **José Manuel Rodríguez Seijo** e o 16 de marzo de 2012 estarei na Biblioteca Central Rialeda para falar sobre **“A sorprendente utilidade das matemáticas”**  
Nesta sinxela guía podes consultar algúns libros que a biblioteca seleccionou para ti relacionados con esta charla científica.



**“Los diez magníficos: un niño en el mundo de las matemáticas”, de Anna Cerasoli**  
O avó de Filippo é un profe de matemáticas xubilado, apaixonado polo mundo dos números. Vaille contar ao seu neto moitas teorías matemáticas de forma amena, convertindo a aprendizaxe das matemáticas en algo divertido.




**“Geometría sagrada”, de Miranda Lundy**  
Este interesante libro analiza os elementos da xeometría en dúas dimensións, a representación dun número sobre unha superficie plana. As catro grandes Artes Liberais do mundo antigo ocupáronse dos números, a música, a xeometría e a cosmoxía. Estas linguaxes simples e universais seguen cautivando aos/ás estudosos/as da ciencia e a cultura.



**“Usa las matemáticas: resuelve un crimen” e “Usa las matemáticas: sé un doble de acción”, de Wendy Clemson**  
Estes dous títulos son perfectos para xogar coas mates. Conteñen preguntas e actividades para poñer en práctica os números e os sistemas numéricos, as operacións, os sistemas de medida, as figuras e o espazo, a medida do tempo, etc.





**“El jarrón mágico” e “Las semillas mágicas” de Mitsumasa Anno**  
Preciosos contos con bonitas ilustracións que convidan a descubrir o universo matemático. Son máis que álbumes para aprender as cifras. No primeiro, un xarrón que contén un pouco de auga que se converte nun mar. No segundo, o agasallo dun feiticeiro fai que a fortuna de Xoán medre de un en un, de dous en dous, de tres en tres e de catro en catro, despois cada vez máis e máis...



**“50 cosas que hay que saber sobre matemáticas” de Tony Crilly**

As matemáticas son antigas e modernas a un tempo: da India e Arabia procede o noso sistema de numeración moderno. A “base 60” de Babilonia aparece na nosa cultura: temos 60 segundos nun minuto e 60 minutos nunha hora. Un ángulo recto segue sendo de 90 graos e non de 100. Os avances na informática contribuíron a resolver algúns dos seus problemas máis importantes. Quedan aínda incógnitas que nin os ordenadores nin por calquera outro medio foron resoltos: a hipótese de Riemann segue sen solución.




**“Vida de los números”, unha idea de Antonio J. Durán**

Curioso, sorprendente, ameno, interesante: un libro que apetece ter nas mans pola súa bonita edición e pola calidade dos textos acompañados de estupendas ilustracións. Compónse de 3 partes: unha introducción na que Alberto Manguel describe a paisaxe dos números; na segunda Georges Ifrah contanos como a humanidade comezou a contar e unha terceira de Antonio J. Durán onde buscará os números tras algúns acontecementos fundamentais para o ser humano.

**“Asesinatos matemáticos: una colección de errores que serían divertidos si no fuesen tan frecuentes” de Claudi Alsina**

Divertida escolma de disparates matemáticos. Selecta colección de erros que se deron no mundo dos números e seguen dándose hoxe. Os disparates matemáticos non distinguen clases, xéneros, estamentos, países: todos/as os cometemos porque “as matemáticas están no aire”.



**Aritmética ilustrada**

que contiene 88 problemas de aritmética y álgebra ilustrados, divididos en 8 capítulos, haciendo un total de 97 dibujos en 216 páginas. En estos dibujos aparecen 6.900 canicas, 25 trajes pasados de moda, 63 kilos de mantequilla, 405 de pan y 145 de carne, un asno de 1.200 kilos, una cajita con 47 onzas de oro, 500 postes de teléfono, 18 camellos, 120 carneros, 250 carneros, 22.946,4 kilos de hierbabuena para calchichos, 1.200 huevos, una habitación con 105.415 volúmenes, 728 piezas de las que saldrán 28.956 zocos, Herón, Demétrio, Japiter, Arquimedes, 71.500 miembros de la familia de Jacob, 70.820 asnos que saben leer y escribir, 1.997 que sólo saben leer, 81.942 marfiliteros y 2.000 de las que no cuentan nada, el inventor del ajedrez, Escorpión y su esposa Sibilista, un cristiano de Calatayud y un genovés con 720 albanos, entre otras cosas.

ASTIBERRI

**“Aritmética ilustrada” de Juan Berrio**

Vellosos problemas de aritmética que conteñen vellas historias cotiás debuxadas. Neste libro aparecen 25 traxes pasados de moda, 63 quilos de manteiga, 200 postes de teléfono, 18 camelos, 728 piñeiros dos que sairán 26936 zocos, 7 naufragos, o inventor do xadrez, etc. Reúne problemas matemáticos sacados de libros de texto publicados ao longo dun século, de 1860 a 1957. Imprescindible para nostáxicos/as.